

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE **HISTORIA DA MÚSICA II**  
 CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA  
 TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLOS DECRETOS 163/2015 E 171/2016)

CURSO 2019-20

**ADAPTADA SEGUNDO AS INSTRUCIÓNS DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN,  
 FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA**

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: HISTORIA DA MÚSICA II										
ESPECIALIDADE:	Todas				ITINERARIOS:			Todos		
CARÁCTER:	Formación básica				TIPO DE CLASE:			Colectiva		
DEPARTAMENTO:	Musicoloxía				XEFE DE DPTO.:			Sergio Añón Lijó		
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:		José Crisanto Gándara Eiroa
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VI I	VII I	Horas de clase semanais:	2
ECTS/CUAD.		3							Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL / TLF. /WEB			TITORÍA		
	José Crisanto Gándara Eiroa				<a href="mailto:xcgandara@edu.xunta.es">xcgandara@edu.xunta.es</a>			Luns e mércores, 13:30 – 14:00		

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR	Coñecemento dos movementos e tendencias fundamentais da historia da música occidental a partir da análise, audición e o comentario do texto literario e/ou musical, con atención aos aspectos estilísticos, históricos e expresivos da tradición musical e ao seu contexto cultural e social.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior e coñecementos do cuadrimestre anterior. Coñecementos básicos de xeografía, historia e historia da arte.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	A trama que conforman os contidos das disciplinas de formación básica constitúen esa base imprescindible que permite acadar unha comprensión completa do feito musical tanto no ámbito interpretativo, como no compositivo e no pedagóxico. No caso concreto da Historia da música, existe unha complementariedade obvia coas disciplinas de Historia dos instrumentos, Organoloxía, Música e culturas e Análise.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17.
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EC10, ED10, EI4, EP3.
Ver a lista e descrición de competencias nos decretos 163/2015 e 171/2016.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Valorar a música como expresión xenuína e característica do ser humano tanto a nivel individual como no seu comportamento social.	T11, T16, T17. X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X26. EP3.

Promover unha reflexión crítica sobre o coñecemento histórico, as súas potencialidades e os seus límites.	T8, T11, T16, T17. X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3.
Recoñecer e contextualizar histórica e esteticamente cada estilo musical en función das súas características, fundamentalmente a través da audición e a análise.	T2, T4, T8, T17. X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, E14, EP3.
Contextualizar a creación musical na sociedade na que aparece, e relacionala co resto de actividades artísticas contemporáneas.	T2, T4, T8, T17. X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3.
Comprender a importancia da Idade Moderna e os feitos históricos que dan paso á Idade Contemporánea na conformación da sociedade occidental.	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, E14, EP3.
Entender a relación entre os cambios operados nas sociedades europeas nos séculos XVII e XVIII e a súa influencia na actividade musical do período.	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, E14, EP3.
Adquirir coñecementos xerais sobre os procesos de transmisión da música en xeral para aplicalos á música en Occidente en sentido particular.	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3.
Comprender e valorar a interese artística e social da música entre 1600 e 1815 e achegarse ás canles de investigación actuais sobre os conceptos musicais da época.	T1, T2, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3.
Coñecer e entender as técnicas compositivas e as prácticas interpretativas nos diferentes xéneros musicais entre 1600 e 1815 como base da apreciación estética dos mesmos.	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, E14, EP3.
Interpretar textos e outras fontes históricas para poñer a música destes períodos no seu contexto social e cultural.	T2, T3, T4, T8, T11, T16, T17. X1, X4, X10, X11, X12, X14, X15, X16, X17, X18, X26. EC10, ED10, EP3.

#### 4. CONTIDOS

**Os contidos da materia veranse reducidos por causa da crise do COVID 19.**

**Os temas 1, 2, 3 e 4 se trataron en clase ata o 13 de marzo, e constitúen, por tanto, o fundamento da avaliación.**

**Os temas 5 a 8 se trataron no período de confinamento a partir de cinco propostas: un ensaio, dous cuestionarios, unha crítica, e unha recensión, a partir do uso do manual base, e doutras fontes proporcionadas. Estas propostas de actividades se estableceron como voluntarias en virtude das instrucións da Consellería do 13 de marzo**

TEMA	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
<b>1. A transición ao século XVII: novos estilos e xéneros</b>	1.1. Sociedade, política e arte no século XVII. A música a finais do século XVI e principios do XVII: a camerata fiorentina. 1.2. Antecedentes históricos da ópera. O estilo representativo. O estilo recitativo. As primeiras óperas: Peri e Monteverdi.	2
<b>2. A música de cámara e a música sacra na primeira metade do século XVII</b>	2.1. Música de cámara. Italia: o madrigal do s. XVII. A cantata e a súa evolución. Outros xéneros: <i>air de cour</i> , <i>tono humano</i> , etc. 2.2. A música sacra. O oratorio. As capelas catedralicias. O <i>villancico</i> . 2.3. A música instrumental. O <i>basso continuo</i> e os novos xéneros: a sonata.	2
<b>3. Francia, Inglaterra e España no século XVII</b>	3.1. A música na corte de Luís XIV: Jean-Baptiste Lully. 3.2. O teatro musical inglés Henry Purcell. 3.3. Música teatral e instrumental en España.	1

<b>4. Música a finais do século XVII</b>	4.1. A ópera en Italia a finais do século XVII: a aria <i>da capo</i> . 4.2. A transformación da sonata: Arcangelo Corelli. As orixes do concerto. 4.3. Música de órgano en Alemaña: Dieterich Buxtehude.	1
<b>5. A música na primeira metade do século XVIII</b>	5.1. O concerto en Venecia: Antonio Vivaldi. 5.2. Jean-Philippe Rameau: a teoría armónica e a <i>opéra-ballet</i> . 5.3. Alemaña no Barroco tardío. Johann Sebastian Bach: música para teclado, música de cámara en Cöthen e música sacra en Leipzig. Georg Friedrich Händel: ópera e oratorio.	2
<b>6. A música en Europa a mediados do século XVIII</b>	6.1. O contexto. Europa a mediados do s. XVIII. A Ilustración. A función social da música. O concerto público. A conciencia de estilo e gusto. Terminoloxía estilística e sintaxe musical. 6.2. A música vocal a mediados de século. Italia: ópera seria, ópera bufa e <i>intermezzo</i> . A ópera noutros países: Francia, Inglaterra e Alemaña. Gluck e a reforma da ópera. 6.3. A música instrumental. Novos instrumentos e formacións. Xéneros e formas. A forma sonata: Domenico Scarlatti, Antonio Soler e Carl Philipp Emanuel Bach. A nova música de orquestra: a sinfonía e o concerto.	2
<b>7. A música na segunda metade do século XVIII</b>	7.1. O concepto de clásico. A tradición de concerto e o establecemento do canon. 7.2. Franz Joseph Haydn.: sinfonías, música de cámara e oratorios. 7.3. Wolfgang Amadeus Mozart: música para piano, sinfonías e óperas.	2
<b>8. A música nos inicios do século XIX</b>	8.1. Contexto histórico e social. Revolución e cambios políticos. A nova orde social en Europa. 8.2. Ludwig van Beethoven: períodos estilísticos. 8.3. Beethoven coma referente e mito.	2
<b>Actividades complementarias e de repaso</b>		2
<b>TOTAL SESIÓN:</b>		16

#### 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Lectura guiada e comentario de fontes	0	8	8
Comentario de audicións	0	10	10
Exposicións individuais e preparación das mesmas	0	8	8
Estudio individual	0	50	50
Actividades complementarias	0	8	8
Actividades de avaliación:			
1. Probas		5	5
2. Revisión de probas		1	1
<b>TOTAL HORAS:</b>	<b>0</b>	<b>90</b>	<b>90</b>

#### 6. AVALIACIÓN

##### 6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA

##### 6.1.1. AVALIACIÓN ORDINARIA CON AVALIACIÓN CONTINUA

**COMPETENCIAS AVALIADAS: X10, X12,X14, X26 / T1,T2, ,T4,T8 / X12,X14, ,X26**

**CAMBIOS DE MÉTODO E FERRAMENTAS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DEBIDO A CRISE DO COVID 19**

O punto de partida é o parcial realizado na semana do 17 de febreiro, relativo aos temas 1 e 2 da PD.

Nas semanas do 2 e mais do 9 de marzo impartíronse os contidos correspondentes aos temas 3 e 4 da PD, tendo prevista a realización do parcial correspondente estes dous temas na semana do 16 de marzo, que non foi posible pola suspensión da docencia presencial. A partir daí, comenzaron as propostas de actividades reseñadas supra.

Tendo en conta estas consideracións, o proceso de avaliación será o seguinte:

- Os contidos tratados ata o 13 de marzo serán a base da avaliación
- Posto que a Xunta emitiu estas ordes moi recentemente, e de que unha gran parte- dos alumnos continuou coa actividade académica mediante teletraballo -tal como se recomendaba, e sempre co obxecto de non prexudicar o traballo feito polos alumnos se procede a aplicar os seguintes métodos de avaliación relativos aos temas tratados
  - Tema 1 e tema 2: nota obtida no parcial realizado na semana do 17 de febreiro, 25% da nota final
  - Tema 3 e tema 4: elaboración dun ensaio a partir dos contidos vistos en clase, con criterios de edición e formato proporcionado por vía telemática, 25% da nota final

Establécense tamén normas para valorar o traballo feito polos alumnos durante o período de confinamento sempre e cando non se prexudique a nota base. Neste sentido, os alumnos que elaboraron traballos despois do 13 de marzo -data de suspensión das clases por corentena COVID 19- poderán, sempre que eles mesmos o consideren adecuado, contar cos traballos voluntarios realizados neste período para subir a nota. Neste caso a nota destes traballos substituirá á parte proporcional da avaliación da segunda das dúas probas anteriores do seguinte xeito:

- Ensaio sobre un tema a elixir de entre catro propostos polo profesor dos correspondentes aos contidos do tema 6, con directrices enviadas en documento con data 13 de marzo: 20%
- Dous cuestionarios sobre sendos temas dos contidos do tema 7, con directrices enviadas en sendos documentos con datas 30 de marzo e máis 27 de abril: 20%
- Crítica sobre unha lectura proposta polo profesor sobre o tema 5, con directrices enviadas en documento con data 13 de abril: 20%
- Recensión sobre un artigo escrito expresamente sobre o tema 8, con directrices enviadas nun documento con data 11 de maio: 20%

En relación co espírito de «non aminoramento» das instrucións da Consellería do 27 de abril, se o cálculo destas porcentaxes ofrece un va,or inferior á puntuación obtida no exame parcial da semana do 17 de febreiro, se manterá esta última.

A entrega destas actividades se realizará or correo electrónico a [xcgandara@edu.xunta.es](mailto:xcgandara@edu.xunta.es).

A data límite para a entrega das tares será o domingo 24 de maio ás 23:59.\*

6.1.2. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA)

COMPETENCIAS AVALIADAS: X10, X12,X14, X26 / T1,T2, ,T4,T8 / X12,X14, ,X26

CAMBIOS DE MÉTODO E FERRAMENTAS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DEBIDO A CRISE DO COVID 19

**Os alumnos que perderan a avaliación continua a data de 13 de marzo serán avaliados do seguinte xeito:**

**1. Realización de actividades e traballos sobre os temas dados ata o 13 de marzo:**

Dous cuestionarios sobre diferentes aspectos relacionados cos temas 1, 2, 3 e 4. Cada un deles repercutirá nun 25% da nota final. Para coñecer os descritores, os candidatos deberán enviar un email solicitándoos a [xcgandara@edu.xunta.es](mailto:xcgandara@edu.xunta.es). Estes traballos deberán estar entregados antes do día 24 de maio ás 23.59 horas.\*

**2. Actividades propostas durante o período de suspensión da docencia:**

Entrega das actividades propostas no epígrafe correspondente aos alumnos con avaliación continua. Para coñecer os descritores, os candidatos deberán enviar un email solicitándoos a [xcgandara@edu.xunta.es](mailto:xcgandara@edu.xunta.es). Estes traballos deberán estar entregados antes do día 24 de maio ás 23.59 horas.\*

**\* OBSERVACIÓNS**

En calquera tipo de avaliación, incorrer en plaxio -copiar directamente ou non facer a adecuada referencia ás fontes empregadas- nalgunha actividade, ou o emprego de calquera fonte ou ferramenta non permitida nunha proba, implica unha cualificación global de 0 na disciplina.

**6.1.3. ADIANTO DE CONVOCATORIA**

Nos casos contemplados a tal efecto e se a directiva do centro así o entende os alumnos poderán adiantar a convocatoria ordinaria a finais de novembro, o que implica a súa avaliación segundo o procedemento de avaliación alternativa arriba exposto. A data do exame será fixado e comunicado ao alumno unha vez aprobada a súa solicitude.

**6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA**

Os alumnos que non superen a convocatoria ordinaria contan cunha convocatoria extraordinaria que o centro fixará dentro da segunda semana do calendario de exames.

Debido á imposibilidade de realizar probas de xeito presencial, motivada polo peche do centro con motivo da pandemia do COVID-19, a avaliación extraordinaria rexirase polas seguintes probas:

Entrega de cinco tarefas [ensaio, cuestionarios, crítica, recensión], con formato, criterios de edición e contidos propostos polo profesor, e a partir dos contidos da programación. O documento explicativo coas directrices a desenvolver para cada unha destas tarefas deberá solicitarse por correo electrónico a [xcgandara@edu.xunta.es](mailto:xcgandara@edu.xunta.es). O cálculo da nota final sairá da media aritmética da puntuación obtida nas tarefas a razón dun 20% cada unha delas. A data límite para a entrega será o venres 26 de xuño ás 23:59.

**7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS**

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
Dificultades graves de visión	Reserva de asento na primeira fila, escritura ampla no encerado, deletreado de termos, especial atención para a resolución de dúbidas e posible adaptación das actividades de avaliación de ser preciso.

**8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS**

#### TEXTO BASE

Burkholder, J. Peter, Donald J. Grout e Claude V. Palisca. *Historia de la música occidental*. 9ª ed. Madrid: Alianza, 2019.

#### OUTROS

Carreras, Juan J. (ed.). *Historia de la música en España e Hispanoamérica, vol. 5. La música en España en el siglo XIX*. Madrid: FCE, 2018.

Cook, Nicholas. *Music as creative practice*. Oxford: OUP, 2018.

Downs, Philip G. *Antología de la música clásica*. Madrid: Akal, 2006.

Downs, Philip G. *La música clásica*. Madrid: Akal, 1998.

Gándara, Xosé Crisanto. «El acompañamiento con el violón y el contrabajo en la música de los siglos XVII y XVIII». En *Campos Interdisciplinarios de la Musicología: V Congreso de la Sociedad Española de Musicología*. vol. I, 659-681. Madrid: Sociedad Española de Musicología, 2001.

———. «Quatro Minuetes avulsos, e huas poucas de contradanças: recepción y circulación de danzas francesas en el Norte de Portugal a principios del s. XVIII». *Forum: Conselho Cultural da Universidade do Minho - Arquivo Distrital de Braga* 33 (2003): 83-102.

———. *Contexto y edición filológica y musical del manuscrito M-471 del Arquivo Distrital de Braga*. Tese de Doutoramento, Universidade da Coruña, 19 de xuño de 2009.

Keefe, Simon P., ed. *The Cambridge History of Eighteenth-Century Music*. Cambridge: Cambridge University Press, 2011.

Lawson, Colin, e Robin Stowell, eds. *The Cambridge History of Musical Performance*. Cambridge: Cambridge University Press, 2012.

Leza, José Máximo, ed. *Historia de la música en España e Hispanoamérica, vol. 4, La música en el siglo XVIII*. Madrid: Fondo de Cultura Económica, 2014.

Samson, Jim (ed.). *The Cambridge History of Nineteenth Century Music*. Cambridge: CUP, 2001.

Strunk, W. Oliver, e Leo Treitler, eds. *Source Readings in Music History*. Nova Iorque: Norton, 1998.

Torrente, Álvaro, ed. *Historia de la música en España e Hispanoamérica, vol. 3, La música en el siglo XVII*. Madrid: Fondo de Cultura Económica, 2016.

#### RECURSOS MATERIAIS

-Ordenador con conexión a internet, canón de vídeo e encerado electrónico para a proxección dos contidos audiovisuais.

-Reprodutor de audio e vídeo multi-formato.

-Fondos bibliográficos básicos para a consulta na aula: dicionarios e manuais de referencia.

-Material didáctico: gravacións, partituras, recursos audiovisuais...